

DIEGO CALVO POUSO, CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E
SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICA:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do vinte e nove de decembro
de dous mil vinte e cinco adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

"Aprobar a prórroga do contrato plurianual de xestión da Axencia para a
Modernización Tecnolóxica de Galicia para o exercicio 2026."

E para que conste asino a presente, co visto e praxe do sr. Presidente, en
Santiago de Compostela a vinte e nove de decembro de dous mil vinte e cinco.


Vº. e Praxe
O PRESIDENTE
Diego Calvo Pouso

PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DA AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA DE 23 DE XUÑO DE 2022:

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante, Amtega ou a Axencia), constituída con data 9 de marzo de 2012 mediante a celebración da sesión constitutiva do seu Consello Reitor ten por obxecto, tal e como sinala a disposición adicional terceira da lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, que autoriza a súa creación: *“a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta no eido das tecnoloxías da información e comunicacións e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico”*.

O contrato plurianual de xestión da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ten por obxecto regular a actividade da Axencia e as relacións recíprocas entre esta e a Administración da Comunidade Autónoma. O contrato de xestión contén os compromisos que asume a Axencia na consecución dos seus obxectivos, as liñas de actuación para alcanzalos, os recursos con que conta, e os efectos asociados ao grao de cumprimento dos ditos obxectivos, de conformidade co disposto no artigo 80 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e 11 dos estatutos desta axencia pública autonómica, aprobados polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica e se aproban os seus estatutos.

O contido deste contrato de xestión aprobouse, en termos de proposta, polo Consello Reitor da Amtega por acordo de data 21 de xuño de 2022 e, con carácter definitivo, polo Consello da Xunta de Galicia, na sesión celebrada o día 23 de xuño de 2022, establecendo a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

Transcorridos máis de tres anos e medio desde a aprobación do contrato plurianual de xestión, conséntase que a maioría das actuacións inicialmente

previstas completaranse dentro do prazo establecido, acadándose o cumprimento da práctica totalidade dos obxectivos operativos perseguidos, segundo o valor responsabilidade establecido no propio contrato plurianual.

A prórroga do contrato plurianual de xestión ata o 31 de decembro de 2026 responde á necesidade de completar as accións recollidas no contrato plurianual de xestión orixinario, garantindo a súa continuidade ata a entrada en vigor dun novo contrato plurianual de xestión. A dita prórroga esixe, igualmente, a determinación do marco económico financeiro correspondente ao exercicio 2026 mediante a identificación dos recursos orzamentarios dispoñibles para levar a cabo as actuacións previstas.

Dada a evolución socioeconómica da Comunidade Autónoma galega e do entorno TIC ao longo destes últimos anos, enténdese que con esta prórroga os obxectivos fundamentais do contrato plurianual de xestión consolídanse e quedan garantidos.

Tendo en conta o anterior, **PROPONSE:**

A aprobación da prórroga para o exercicio 2026 do contrato plurianual de xestión da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia 2022-2025 coas modificacións propostas, que se xuntan como anexo.

ANEXO

Modifícase a cláusula 2, que queda redactada como segue:

"2. Vixencia

A vixencia do presente contrato de xestión comezará desde o día seguinte ao da súa aprobación polo Consello da Xunta e estenderase ata o 31 de decembro de 2026."

Modifícase a cláusula 7, engadindo un parágrafo nos seguintes termos:

"Os indicadores de seguimento para programas e obxectivos específicos recollidos nesta cláusula, xunto cos seus valores obxectivo para o ano 2025, manterán a súa vixencia durante o exercicio 2026".

Modifícase a cláusula 8, engadindo a proxección estimativa de gastos e ingresos para o exercicio 2026, nos seguintes termos:

"Proxección estimativa de gastos:

Capítulo		2026
I	Gastos de persoal	21.941.855,00 €
II	Gastos correntes en bens e servizos	15.541.201,00 €
IV	Transferencias correntes	833.450,00 €
VI	Investimentos reais	126.061.999,00 €
VII	Transferencias de capital	847.285,00 €
Total		165.225.790,00 €

A previsión recollida na táboa anterior poderase ver modificada en atención a dotacións adicionais destinadas ao financiamento de proxectos estratéxicos en materia de innovación tecnolóxica e a mesma non reflicte os posibles incrementos na dotación do Capítulo I da Amtega que resulten necesarios para a adecuación da súa estrutura ás funcións e obxectivos previstos neste documento.

Proxección estimativa de ingresos:

	2026
Tasas, prezos e outros ingresos	58.492,00 €
Transferencias correntes	38.258.014,00 €
Fondos propios (CCAA)	37.883.816,00 €
Fondos finalistas (Estado)	374.198,00 €
Transferencias de capital	126.909.284,00 €
Fondos propios (CCAA)	96.963.229,00 €
Fondos finalistas (Estado)	3.153.602,00 €
MRR	7.457.001,00 €
FEDER 2021-2027	16.461.556,00 €
FEADER PEPAC	1.520.176,00 €
FSE+	1.353.720,00 €
Total	165.225.790,00 €

As estimacións de ingresos están compostas principalmente por fontes de financiamento condicionadas, vinculadas ao cumprimento dos requisitos esixidos tanto polo Estado no tocante aos fondos finalistas do Estado, como pola Comisión Europea nos Programas Operativos 2021 - 2027 e fondos Next Generation. Polo tanto, no caso de sufrir variacións deberán adoptarse os axustes oportunos nos estados de gastos que garantan o principio de estabilidade orzamentaria. A previsión recollida na táboa anterior non reflicte os posibles incrementos na dotación do Capítulo I da Amtega que resulten necesarios para a adecuación da súa estrutura ás funcións e obxectivos previstos neste documento."